

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E INSATI INNOVATION, S.L. PARA A PARTICIPACIÓN NO LIVING LAB DE SAÚDE DE VIGO DA REDE DE LIVING LABS DE SAÚDE DE GALICIA (LABSAÚDE), NO MARCO DO PROXECTO INNOV4LIFE DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERREG VI-A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade, en calidade de Presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, formalizou o día 5 de maio de 2026 con Insati Innovation, S.L., o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia ata o 30 de novembro de 2026.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo:

“o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre as partes en actividades de innovación aberta impulsadas polos usuarios a través do modelo Living Lab.

Ditas actividades de I+D+i levaranse a cabo nas instalacións do Living Lab de Saúde de Vigo, situado no Hospital Meixoeiro do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI). ”

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

“O Living Lab de Vigo do Servizo Galego de Saúde aspira a ser o mecanismo facilitador para a creación e posta en marcha de proxectos innovadores que dean resposta a necesidades reais detectadas no sistema de saúde de Galicia no ámbito das demencias, relativas ás propias persoas doentes, ás persoas cuidadoras formais ou informais, e a profesionais sanitarios ou persoal investigador, co aliciente engadido de que pode atraer, polo seu carácter transfronteirizo e localización estratéxica, ideas e interese de ambos os lados do Miño.

Pola Resolución do 28 xullo de 2025 apróbanse e publícanse as bases reguladoras do procedemento para a selección das entidades que participarán no Living Lab de Vigo



da Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE), no marco do proxecto Innov4life do Programa de cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, e procédese á súa convocatoria para o ano 2025.

O artigo 16 desta Resolución establece o procedemento que se seguirá para determinar as entidades que serán seleccionadas para participar no Living Lab de Saúde de Vigo.

O artigo 17 establece o Convenio de colaboración como o instrumento marco para o desenvolvemento dos proxectos de I+D+i.

Por Resolución definitiva de 6 de febreiro de 2026, e de acordo coa base 16 da anterior resolución, INSATI INNOVATION S.L. foi seleccionada como participante no Living Lab de Saúde de Vigo.”

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

